



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MONFERO O DÍA TRINTA DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E SEIS (20/2026)

Na Casa do Concello de Monfero, ás trece horas e cincuenta minutos do día trinta de xuño de dous mil vinte e seis, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade do Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen os Sres. Concelleiros: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez, para o efecto de celebrar a sesión extraordinaria convocada para ese día ás trece horas.

Actúa como secretario o que o é da Corporación, D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

1. Pronunciamento preceptivo sobre a urxencia da sesión
2. Aprobación de certificacións de obra

1.- PRONUNCIAMENTO PRECEPTIVO SOBRE A URXENCIA DA SESIÓN

O Sr. Alcalde en funcións expón que a urxencia se debe a necesidade de axilizar todos os tramites do expediente ao que se refiren as certificacións que se reflicten nos puntos 2.2, 2.3 e 2.4, para xustificar a subvención que as financia canto antes e dispoñer de tempo para afrontar as posibles incidencias que poidan xurdir no dito trámite e concluílo dentro do prazo de xustificación que sinala a correspondente convocatoria.

A Xunta de Goberno local, toma razón, entende xustificada a urxencia e acorda, por unanimidade, continuar coa sesión.

2.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS DE OBRA

2.1.- O Sr. Secretario-interventor dá conta das certificacións de obra, do informe da Intervención de conformidade, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a dita documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se reflicte nela, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Asunto APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Denominación do proxecto:	MODIFICADO PROXECTO INSTALACIÓN PARQUE INFANTIL REBORDELO
Plan:	POS+ ADICIONAL 2b/2024
Núm. Expediente	2025/C003/000001
Total orzamento: 77.017,76€	Importe adxudicación: 55.359,98 €
Empresa adxudicataria:	Instalaciones Bahía Park, S.L.
CERTIFICACIÓN 1	Importe total: 55.359,98€
CERTIFICACIÓN FINAL	Importe: 0,00€

Logo de ver a certificación presentada pola empresa adxudicataria da obra de referencia e o resto de documentación do expediente, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación primeira da obra, MODIFICADO PROXECTO INSTALACIÓN PARQUE INFANTIL REBORDELO, expedida por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto, Director das Obras, e executada polo contratista, **Instalaciones Bahía Park, S.L.**, por importe total de 55.359,98€, e a súa documentación anexa (relación valorada, reportaxe fotográfica, cartel, declaración responsable, factura e acta de recepción).
2. Aprobar a certificación final por importe 0,00€ .
3. Aboárllela ao contratista, e remítilla á Deputación, a través da plataforma electrónica SUBTEL, para o trámite correspondente.

O alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

2.2.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da certificación de obra, do informe da Intervención con reparos, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a dita documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se reflicte nela, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS (segunda)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Logo de ver a certificación de obra número 2 presentada pola empresa adxudicataria das obras contidas no proxecto nomeado, PROYECTO REFUNDIDO 2 DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (mayo 2026), Financiadas con fondos del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation (PRTR). Nº expediente ITJ 2022/C187, o informe da dirección de obra e de execución de data 13/05/2026, o informe da secretaría-intervención con reparos, e o resto da documentación dos expedientes 2022/A008/000019 e 2025/C003/000002, e considerando que o investimento xa está realizado, que non haberá ningún inconveniente para comunicar e obter a autorización do ITJ, porque se cumprirá con todas as súas condicións e requisitos, e que, doutro xeito, non se podería xustificar en prazo a subvención que financia as obras, co risco de perder o financiamento, ademais de que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello, e que, polo tanto, concorren razóns de interese público para a adopción dos acordos que se reflicten deseguido na parte dispositiva, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación número 2 da obra contida no PROYECTO REFUNDIDO 2 DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (mayo 2026), expedida por Jesús Pena Noya e Jesús Manuel Hermida Veiga, director de obra e director de execución respectivamente, executada polo contratista, Sergonsa Servicios, S.L., por importe total 178.141,66€, xunto coa súa documentación anexa (relación valorada, factura, declaración responsable, acreditación do cumprimento das condicións especiais de execución do contrato e reportaxe fotográfica do cartel de obras).
2. Aboarlla ao contratista, SERGONSA SERVICIOS, S.L.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

2.3.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da certificación de obra, do informe da Intervención con reparos, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a dita documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se reflicte nela, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS (terceira)

Logo de ver a certificación de obra número 3 presentada pola empresa adxudicataria das obras contidas no proxecto nomeado, PROYECTO REFUNDIDO 2 DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (mayo 2026), Financiadas con fondos del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia -

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Financiado pola Unión Europea - Next Generation (PRTR). Nº expediente ITJ 2022/C187, o informe da dirección de obra e de execución de data 31/05/2026, o informe da secretaría-intervención con reparos, e o resto da documentación dos expedientes 2022/A008/000019 e 2025/C003/000002, e considerando que o investimento xa está realizado, que non haberá ningún inconveniente para comunicar e obter a autorización do ITJ, porque se cumprirá con todas as súas condicións e requisitos, e que, doutro xeito, non se podería xustificar en prazo a subvención que financia as obras, co risco de perder o financiamento, ademais de que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello, e que, polo tanto, concorren razóns de interese público para a adopción dos acordos que se reflicten deseguido na parte dispositiva, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación número 3 da obra contida no PROYECTO REFUNDIDO 2 DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (mayo 2026), expedida por Jesús Pena Noya e Jesús Manuel Hermida Veiga, director de obra e director de execución, respectivamente, executada polo contratista, Sergonsa Servicios, S.L., por importe total 104.008,08€, xunto coa súa documentación anexa (relación valorada, factura, declaración responsable, acreditación do cumprimento das condicións especiais de execución do contrato e reportaxe fotográfica do cartel de obras).
2. Aboarlla ao contratista, SERGONSA SERVICIOS, S.L.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

2.4.- O Sr. Secretario-interventor dá conta da certificación de obra, do informe da Intervención con reparos, do resto da documentación do expediente e da proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto da orde do día que, como a dita documentación, consta asinada dixitalmente no expediente electrónico que se reflicte nela, e que se transcribe literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRAS (cuarta)

Logo de ver a certificación de obra número 4 presentada pola empresa adxudicataria das obras contidas no proxecto nomeado, PROYECTO REFUNDIDO 2 DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (mayo 2026), Financiadas con fondos del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - Next Generation (PRTR). Nº expediente ITJ 2022/C187, o informe da secretaría-intervención con reparos, e o resto da documentación dos expedientes 2022/A008/000019 e 2025/C003/000002, e considerando que o investimento xa está realizado, que non haberá ningún inconveniente para comunicar e obter a autorización do ITJ, porque se cumprirá

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

con todas as súas condicións e requisitos, e que, doutro xeito, non se podería xustificar en prazo a subvención que financia as obras, co risco de perder o financiamento, ademais de que a falta de cumprimento dalgún dos requisitos esixidos non pode constituír impedimento para facer fronte a obriga de pagamento nin ocasionar o enriquecemento inxusto do Concello, e que, polo tanto, concorren razóns de interese público para a adopción dos acordos que se reflicten deseguido na parte dispositiva, propóñolle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1. Aprobar a certificación número 4 da obra contida no PROYECTO REFUNDIDO 2 DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (mayo 2026), expedida por Jesús Pena Noya e Jesús Manuel Hermida Veiga, director de obra e director de execución, respectivamente, executada polo contratista, Sergonsa Servicios, S.L., por importe total 104.077,52€, xunto coa súa documentación anexa (relación valorada, factura, declaración responsable, acreditación do cumprimento das condicións especiais de execución do contrato e reportaxe fotográfica do cartel de obras).
2. Aboarlla ao contratista, SERGONSA SERVICIOS, S.L.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo

A Xunta de Goberno local, por delegación da Alcaldía, toma razón e, por unanimidade, acorda aprobar a proposta.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás catorce horas e cinco minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde en funcións

O Secretario